

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILAGARCÍA DE AROUSA

FUNDACIÓN DE DEPORTES CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Ordenanzas e Regulamentos

REGULAMENTO INTERNO DA FUNDACIÓN DE DEPORTE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DO USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS (FUNDACIÓN DE DEPORTES) EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais (Fundación de Deportes) é un organismo autónomo local do Concello de Vilagarcía de Arousa, con personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar, patrimonio especial e autonomía de xestión para o cumprimento dos seus fins, e co obxectivo do desenvolvemento de programas da actividade física e, práctica deportiva, fomento e promoción do deporte.

A súa misión é administrar as instalacións deportivas e garantir o seu bo funcionamento proporcionando servizos e actividades que contribúan a fortalecer a calidade de vida e benestar social dos cidadáns promovendo o desenvolvemento sostible e o equilibrio social, facendo da práctica da actividade física e deporte para tod@s unha das marcas de identidade do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Fundación Municipal de Deportes ofrece a calqueira persoa ou entidade, a capacidade de acceder ás diferentes instalacións deportivas municipais, xa sexa para participar en actividades desenvolvidas por ela, ou para a formación deportiva, competicións ou calqueira outra forma de práctica e/ou evento deportivo.

E en xeral para o mellor cumprimento das finalidades previstas na Lei 10/1990, de 15 de outubro, do Deporte, modificada por Lei 19/2007, do 11 de xullo; e asemade segundo o previsto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Cara a unha mellora destes obxectivos, a Fundación de Deportes desenvolveu un conxunto de regras para garantir os dereitos dos usuarios de instalacións deportivas e as obrigas destes co persoal e con outros usuarios. O obxectivo destas normas é regular o uso das instalacións deportivas en Vilagarcía de Arousa, que estean abertos ao público e que calqueira cidadán poida acceder a eles, utilizándoos segundo este regulamento.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

O regulamento foi elaborado baixo o criterio e obxectivo de realizar unha sistemática completa das regras de uso das instalacións deportivas municipais polos usuarios, dos seus dereitos e deberes, así como os tipos de uso e especialidades particulares para as distintas instalacións deportivas, o que resultará nunha mellora substancial na calidade e seguridade, promovendo e facilitando o acceso á práctica da actividade física e deporte para tod@s e a coexistencia e goce axeitado das instalacións.

Inclúe asemade un réxime de sancións, coa clasificación de condutas leves, graves e moi graves e as correspondentes sancións, có obxectivo final de garantir a seguridade e un bo uso das instalacións e a súa conservación. O sistema de sancións, inclúe a posibilidade de impoñer sancións económicas e a privación do acceso a instalacións, entre outras. Desenvolvendo as previsións ao respecto da loita contra a violencia e as condutas contrarias á boa orde deportiva previstas na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e na Lei 19/2007, de 11 de julio, contra a violencia, o racismo, a igualdade de xénero, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

O presente regulamento é aprobado de conformidade coa potestade que nesta materia atribúen os artigo 6 e artigo 11.13 dos seus Estatutos, e con relación ao artigo 25 m) da Lei 7/1985 de 02 de abril, que regula as Bases de Réxime local, en relación ao artigo 49 de dita norma ; ao artigo 55 do Real Decreto 781/1986 de 18 de abril, que aproba o Texto Refundido das normas vixentes de réxime local, e do artigo 50,3 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización e funcionamento dos entes locais.

CAPITULO I: CONDICIÓN XERAIS

Artigo 1. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Son Instalacións Deportivas Municipais (IDM) todas as edificacións, campos, recintos e dependencias do Concello adscritos á Fundación de Deportes destinadas á práctica e desenvolvemento de actividade física e deportiva en xeral. Terán idéntica consideración os bens inmoables destinados a tal obxecto e os adscritos de forma permanente a algunha IDM.

Entenderase tamén por IDM aqueles espazos abertos de uso público, ubicados en zonas de dominio público cúa titularidade ou xestión corresponda ao Concello de Vilagarcía de Arousa, e habilitados para uso deportivo, incluso aínda que sexa durante un tempo determinado e reducida para a práctica de actividades deportivas.

Poderán ter condición de IDM aquelas cedidas, por calquer título xurídico, ao Concello de Vilagarcía de Arousa para a súa xestión ou explotación, xa fose puntual ou por duración determinada. Estas instalacións rexiranse polo establecido no presente Regulamento salvo que o instrumento de cesión establecera un réxime propio de xestión ou explotación.

A Fundación de Deportes velará polo mantemento e conservación axeitada do conxunto de IDM, con tal de prestar o servizo público ao que están destinados durante a vida útil do edificio ou instalación.



Artigo 2. CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

As IDM conforman o conxunto de equipamentos deportivos que se consideran fundamentais e dan servizo a toda a poboación, cubrindo as seguintes necesidades:

- Práctica deportiva xeneralizada e diversificada nas modalidades que se consideran fundamentais para o desenvolvemento e mantemento físico-deportivo.
- Deporte escolar, en cumprimento dos programas educativos establecidos.
- Competicións de carácter local, en todas as categorías nas que se estableza o sistema de competición.
- Eventos e Actividades Deportivas Extraordinarias

A IDM, teñen carácter local, ofrecen unha práctica multideportiva, non presentan ningunha discriminación de acceso para ningún colectivo de usuarios, adecúanse ás características dos distintos tipos de usuarios (escolares, competición de base, práctica físico-deportiva da poboación), permiten unha alta rendibilidade social e teñen carácter permanente.

As IDM caracterizaranse polos seguintes principios xerais:

- Carácter eminentemente popular.
- Auténtica promoción deportiva e social.
- Carecer de ánimo de lucro.
- Perseguir finalidades educativas, culturais, docentes e asistenciais.
- Abarcar toda a gama posible de especialidades deportivas practicables nelas.
- Optimización do rendemento das IDM.

As IDM permanecerán abertas ao público e calquera cidadán poderá acceder as mesmas e utilizalas, de acordo ao regulamento vixente, mediante o abono do correspondente prezo público.

AS IDM cumprirán as normas urbanísticas de seguridade, accesibilidade e adaptación para persoas con diminucións ou discapacidades funcionais e demais normativa aplicable.

Artigo 3. LIMITACIÓN FUNCIONAL DOS ESPAZOS DEPORTIVOS

En cada IDM poderanse practicar preferentemente aqueles deportes aos que está destinada especificamente. Nembargantes tamén se poderán practicar outros sempre que tecnicamente sexa posible e previa autorización, que será outorgada pola Fundación de Deportes.

As IDM poderán ser destinadas ao deporte educativo escolar, ao de ocio, ao de competición e, excepcionalmente, para a celebración de actividades culturais e sociais que cumpran os requisitos que para cada caso se contemplan.

Artigo 4. INFORMACIÓN BÁSICA NAS INSTALACIÓNS

En todas as IDM figurará, con carácter preceptivo e en lugar visible, a seguinte información:



- Denominación da IDM.
- Titularidade municipal ou, no seu caso, do xestor ou adxudicatario da explotación.
- Características técnicas da instalación e do seu equipamento.
- Calendario de apertura e horario de funcionamento da instalación e dos seus espazos.
- Aforo máximo permitido.
- Actividades físico - deportivas que se ofertan.
- Programa de utilización.
- Prezos Públicos dos distintos servizos ofertados.
- Síntese do regulamento de uso:
 - Dereitos e obrigas xerais dos usuarios.
 - Normas de acceso das persoas físicas.
 - Normas específicas de usos dos diferentes espazos deportivos e instruccións propias da IDM no seu caso.
 - Faltas e sancións.

Artigo 5. RECLAMACIÓN

Aos efectos de garantías dos dereitos dos usuarios das IDM, existirá a disposición dos mesmos, Follas de Suxestións, Queixas e Reclamacións na oficina da Fundación de Deportes. Calquera usuario poderá utilizar estas Follas, facendo constar o número de DNI, nome, apelidos, domicilio e número de teléfono, cando observe un funcionamento anormal dos servizos de dita instalación ou teña algunha suxestión. O usuario que realice a suxestión, queixa ou reclamación, quedará en posesión dunha copia e recibirá contestación da mesma.

A Fundación de Deportes comprométese a contestar todas as suxestións, queixas e reclamacións debidamente presentadas e rexistradas na súa oficina, ou a traves de correo electrónico, debidamente indentificado e, no caso de ter que tramitar a súa reclamación, o interesado/a, deberá presentar escrito orixinal, para proceder o seu rexistro.

Os usuarios poderán solicitar en calquera momento a identificación de calquera dos empregados ou responsables dos servizos das instalacións, aos efectos de realizar as reclamacións correspondentes.

Artigo 6. RÉXIME DE APROVEITAMENTOS PUBLICITARIOS

Corresponde ao Concello de Vilagarcía e á Fundación de Deportes o uso e explotación dos logotipos e demais figuras que sexan da súa titularidade.

En todas as IDM, calquera que sexa a súa forma de xestión, así como nos folletos e circulares informativas que fagan referencia á instalación ou servizos prestados nela, figurará nun lugar visible os logotipos do Concello de Vilagarcía de Arousa e da Fundación de Deportes, acreditando a titularidade municipal da IDM.



En todo os espazos deportivos, en lugar visible, figurarán os citados logotipos.

A publicidade nas IDM, mediante exposición de calquera elemento permanente ou temporal, móbil ou estático, levarase a cabo de acordo coa normativa xeral de publicidade e a específica sobre menores, alcohol, tabaco e sustancias estupefacientes.

Os equipos con concesión de uso de reserva de tempada e as entidades con concesión de uso para a organización de actividades puntuais poderán instalar publicidade móbil nos lugares autorizados, sempre dentro do horario concedido e por período temporal concreto. Queda prohibida a colocación de publicidade que non estea autorizada previamente.

O Concello, tanto en Competicións oficiais, como na organización de actividades extraordinarias, resérvase a posibilidade de instalar nos fondos das pistas de xogo e zonas laterais os seus logotipos ou a publicidade que estime conveniente.

Os criterios e espazos para a colocación de publicidade fixa ou móbil nas instalacións deportivas municipais, aprobados polo Consello Reitor en sesión con data 07/04/2016 son:

1. Nas instalacións deportivas de titularidade municipal unicamente a Fundación de Deportes ten potestade para ordenar os seus espazos publicitarios.

2. En todos os casos será a Fundación de Deportes, de acordo de ser o caso coa Oficina Técnica –en canto ao deseño xeral das instalacións- ou a Área de Comunicación Social –polo que respecta á aplicación da Identidade Visual Corporativa do Concello e da propia Fundación-, quen decida sobre a idoneidade das propostas publicitarias que fagan os clubs ou entidades.

3. Quedan excluídos como espazos publicitarios as fachadas das instalacións deportivas, agás acordo razoado da Fundación de Deportes para unha proposta propia ou allea (clubs ou entidades).

4. Nos campos de fútbol serán de uso exclusivo do Concello e a Fundación de Deportes, e alí onde existan, o espazo central das bancadas do público, do marcador e as viseiras das cubertas.

5. Nos pavillóns de deportes son zonas reservadas para a publicidade institucional (Concello e Fundación), os espazos centrais dos fondos da cancha, a mesa central, a parte central superior da bancada principal do público, e o marcador.

6. A publicidade instalada polos clubs e entidades, previa autorización da Fundación, terá sempre carácter móbil e deberá ser retirada pola súa conta cando o recinto deportivo sexa utilizado ben pola propia Fundación, ben por outro club ou entidade.

7. Ademais de cumprir coas normas legais xerais sobre publicidade e as que marque o Concello ou a Fundación en canto a deseño xeral da instalación ou aplicación da identidade visual corporativa, os soportes utilizados por clubs e entidades deberán ter unhas características que causen o menor dano posible as infraestruturas (por exemplo: evitarse na medida do posible furar varandas ou paredes e o uso de cintas adhesivas de dobre cara).



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

8. No caso de eventos deportivos organizados por clubs ou entidades, a reserva de espazos para a publicidade institucional (Fundación e Concello) será directamente proporcional á participación de ambas no desenvolvemento do evento. Para facer o cálculo terase en conta, polo tanto, non só a subvención directa senón a aportación non en diñeiro (titularidade da instalación, persoal, auga, electricidade, limpeza, sega, etcétera). De acordo con estes principios, o club ou entidade e a Fundación pactarán a distribución deses espazos antes da montaxe do evento.

9. Queda prohibida a colocación de pancartas ou calqueira outro elemento publicitario en tuberías, caixas de mangueras, pulsadores de incendios, etc... Así mesmo evitarase ocultar con calqueira elemento publicitario a señalectica de saída de emerxencia, pulsadores, extintores, caixas de mangueras, etc...

CAPITULO II:
DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS DAS IDM

Artigo 7. USUARIOS:

1. A efectos da presente normativa enténdese por usuario das instalacións deportivas municipais aquelas persoas ou entidades que a utilizan, participando en actividades propias da Fundación de Deportes, facendo uso mediante un aluguer, por cesión de ditos espazos deportivos ou dispón da condición de socio da Fundación de deportes, ou como espectadores.

2. Terán a condición de socio da Fundación de Deportes, todas aquelas persoas, residentes ou non en Vilagarcía de Arousa, que estean en posesión do Carné da Fundación de Deportes e este ao corrente do pagamento da tempada en curso.

3. O carné da Fundación de Deportes é persoal e intransferible.

4. Cando o usuario da instalación é un menor, será responsable das consecuencias dos seus actos, o pai, a nai ou titores legais.

5. O usuario sempre estará obrigado a cumprir o presente regulamento.

Artigo 8. DEREITOS DOS USUARIOS

1. Ser tratado con educación e amabilidade por todo o persoal que presta servizos na Fundación de Deportes e as súas instalacións.

2. Gozar, de acordo coas normas de uso establecidas e as tarifas vixentes, de todos os servizos que preste a Fundación de Deportes e as súas instalacións.

3. En cada instalación poderá practicarse, preferentemente, aqueles deportes a que especificamente estean destinadas. Tamén se poderán practicar outros, sempre que tecnicamente sexa posible, e logo da autorización municipal que outorgará a Fundación de Deportes.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación: I336XSXI6ZNM4W3Q



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

4. Facer uso das instalacións os días e horarios sinalados no programa de actividades da Fundación de deportes ou aluguer contratado, se ben, a Fundación de Deportes por necesidades de programación ou forza maior, poderá anular ou variar as condicións establecidas, comunicando sempre esta circunstancia aos afectados coa máxima antelación posible.

5. Facer uso dos servizos e espazos complementarios como vestiarios, aseos, etc... nos términos previstos no presente regulamento ou nas de uso interno da cada unha das instalacións.

6. Atopar as instalacións, mobiliario e o material deportivo nas mellores condicións de uso.

7. Presentar as queixas, suxerencias ou reclamacións que estimen convenientes por escrito nas follas dispoñibles nas oficinas da Fundación de Deportes.

Artigo 9. DEBERES DOS USUARIOS

1. Gardar o debido respecto aos demais usuarios e ó persoal das instalacións, así como atender en todo momento as indicacións do persoal das instalacións deportivas, cuxo cometido é supervisar toda actividade que se realice no recinto e as súas dependencias.

2. Abonar o Prezo Público correspondente así como, de ser o caso, do servizo ou actividades elixidas, dentro das normas que as establezan e que serán anunciadas coa antelación suficiente, polos medios que a Fundación de Deportes estime oportunas.

3. Identificarse mediante o seu carné, tarxeta ou documento identificativo estipulado cando lle sexa requirido, non podendo cedelo ou transmitilo a terceiros.

4. Utilizar as instalacións, material e mobiliario de forma axeitada, evitando posibles deterioros ou danos nas instalacións ou na saúde e dereitos dos outros usuarios.

5. Acceder ás instalacións para realizar a actividade coa indumentaria deportiva completa, prestando especial interese á necesidade de calzado axeitado para cada pavimento.

Os que realicen exercicio fóra das instalacións deportivas e posteriormente entren nos recintos pechados coidarán especialmente da hixiene do calzado a fin de evitar prexuízos ao pavimento.

Esta norma rexe tamén para as actividades a realizar en pistas e instalacións abertas

6. Cumprir os horarios establecidos nos alugueres das instalacións deportivas.

7. Abandoar as instalacións unha vez finalizada a actividade na que participe ou se atope inscrito. O acceso ó vestiario permitirase 15 minutos antes do horario asignado como comezo da actividade. A saída será como máximo 25 minutos despois da finalización do seu horario.

8. Non fumar nas instalacións deportivas.

9. A Fundación de deportes non se fará responsable ante os usuarios no caso de accidentes ou desperfectos derivados do incumprimento por parte destes das presentes normas, dun comportamento negligente doutro usuario ou un mal uso das instalacións, equipamentos e servizos.



*CAPITULO III:
USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS*

Artigo 10. PRINCIPIOS XERAIS DO USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS:

1. As instalacións deportivas xestionadas pola Fundación de Deportes de Vilagarcía, de forma directa ou en colaboración, serán destinadas ao uso exclusivo de actividades deportivas. Non obstante, poderán ser utilizadas, en momentos puntuais, para a realización de outras manifestacións.

2. As instalacións deportivas proxectaranse de forma que se favoreza a súa utilización deportiva polivalente, e deberán estar postas a disposición da comunidade local e das asociacións deportivas, con respecto ao normal desenvolvemento da actividade deportiva.

3. Todo cidadán calquera que sexa a súa condición, terá dereito ao uso e disfrute das instalacións deportivas municipais, coa condición de respetar as normas establecidas.

4. Para establecer as prioridades de uso, distínguese previamente grupos en función das súas características propias:

- Actividades xeradas pola Fundación de Deportes.
- Actividades conveniadas con terceiros pola Fundación de Deportes.
- Entidades deportivas do Concello de Vilagarcía rexistradas na Fundación de Deportes.
- Institucións públicas.
- Practicantes libres (persoas físicas).
- Outros usos de poboación ou asociados non de Vilagarcía.

Artigo 11. NORMAS DE USO

1. O uso das dependencias deportivas (vestiarios, pistas, graderíos, almacéns, etc.) deberá ser correcto, utilizando todos os medios de maneira cívica: uso racional da auga das duchas, respecto polo mobiliario, uso deportivo dos materiais,...

2. As zonas con adaptacións para discapacitados serán de uso preferente deste colectivo (wc, vestiarios,...).

3. Está prohibida a utilización das instalacións para fins lucrativos, así como para clases particulares non regradas pola Fundación de Deportes. Salvo autorización expresa do organo competente da Fundación de Deportes e previa aplicación do Acordo Regulador nº 17 en vigor.

4. No caso de que as características da competición requira a colocación de mesas, cadeiras ou outros obxectos ou ben o emprazamento interior de persoas sen calzado deportivo ou axeitado, deberá poñerse en coñecemento da instalación co tempo suficiente para poder protexer axeitadamente o pavimento deportivo.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

5. Non se permite a entrada de animais as zonas deportivas. (excepción obrigada para os cans guía atendendo á normativa vixente).
6. Non se poderán manipular elementos e equipamentos propios da instalación deportiva, tanto fixos como móbiles, salvo acordo ou autorización expresa da dirección ou empregados. Poidendo en determinadas circunstancias colaborar no traslado e colocación do equipamento necesario da instalación deportiva a usar.
7. Non se permite o tránsito rodado de vehículos con motor ou sen el dentro das instalacións deportivas, excepto en aquelas zonas destinadas á práctica do deporte sobre rodas e conforme ao uso natural das mesmas.
8. Recomendase non utilizar despreocupadamente as zonas deportivas, para non entorpecer os adestramentos e evitar accidentes.
9. Non se pode permanecer na pista con roupa de rúa salvo en casos autorizados (autoridades, prensa, protección civil, medios sanitarios, Corpo Técnico, etc..)
10. A Fundación de Deportes non se fai responsable dos obxectos ou prendas deixadas nos vestiarios, taquillas ou outras zonas.
11. É aconsellable someterse a un recoñecemento médico previo, antes de iniciar a práctica deportiva. Sobre todo aquelas persoas que permaneceran inactivas deportivamente durante algún tempo.
12. Está terminantemente prohibido a venta de bebidas alcohólicas e tabaco nos recintos deportivos, así como a entrada con vasos ou botellas de vidro en calquera das instalacións municipais.
13. Prohíbese ceder ou alugar a terceiros os espazos deportivos reservados.

Artigo 12. HORARIOS

1. Dende a Fundación de Deportes fixaranse, ao comezo de cada ano natural, o horario de apertura e funcionamento das instalacións.

Os domingos pola tarde durante a tempada de competicións oficiais as instalacións abrirán segundo as necesidades da competición oficiais.

Os festivos salvo autorización expresa da Fundación de Deportes, as instalacións estarán pechadas.

2. Estes horarios poden sufrir modificacións en función das necesidades da propia Fundación de Deportes, figurando no seu propósito a intención de comunicar o cambio no horario coa maior antelación posible.

3. Os cambios de horarios ou unidades deportivas solicitaranse ao menos dous días hábiles antes da data solicitada, e se aceptarán sempre que o novo horario e instalación este dispoñible.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

4. No caso de non poder utilizar unha instalación ao aire libre por inclemencias climáticas, poderase solicitar un novo uso sen cargo algún, sempre que estea pagado con anterioridade, dentro dos dous días hábiles seguintes, e poderanse realizar sempre que exista instalación e horario dispoñible a tal fin.

5. A Fundación de Deportes comprométese a informar da posibilidade indicada no parágrafo anterior. No caso de non solicitar este cambio no tempo establecido, o usuario decaerá no seu dereito.

6. Normas de uso para competicións:

a.—As IDM abranse antes do comezo do partido atendendo as normas da competición.

b.—Os partidos de competición oficial, o tempo do quecemento e do partido será o estrictamente necesario para o normal desenvolvemento do encontro.

Artigo 13. MATERIAL E EQUIPAMENTO

1. Solicitud:

Cando os usuarios necesiten utilizar un determinado material para o desenvolvemento da súa actividade, deberán solicitalo ao responsable da instalación, co obxecto de restrinxir a utilización o tempo de que dispoña do uso da mesma.

2. Traslado:

Se o material é solicitado para ser utilizado en outro recinto ou lugar farase a petición á Fundación de Deportes, previa cumprimentación da parte de préstamo correspondente, que pode ser xustificadamente denegado.

3. Recollida:

Unha vez finalizada a actividade os usuarios deberán recoller e ordenar todo o material utilizado. No caso de equipos ou grupos, será o responsable destes o encargado de que esta tarefa se efectúe, deixando todo en orden e no mesmo lugar de emprazamento orixinal.

4. Deterioro.

O responsable da instalación e a Fundación de Deportes decidirán se o deterioro do material é debido ao uso normal e habitual deste, ou ben á súa utilización incorrecta. Nese caso deberase abonar por parte da persoa ou entidade responsable o importe do mesmo, según os prezos do mercado.

5. Almacenamento.

Os clubs, asociacións, etc., que desexen deixar o material deportivo utilizado para os seus adestramentos e partidos nos almacéns das Instalacións Deportivas, deberán solicitalo a Fundación de Deportes. Dito material deberá estar recollido en cestas, bolsas ou redes propiedade dos usuarios, debendo estar perfectamente identificado, e non facéndose responsable del a Fundación de Deportes.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

Artigo 14. SEGURIDADE:

1. A Fundación de Deportes non responderá dos obxectos persoais que se extravíen ou deterioreen no recinto das instalacións deportivas municipais e recomenda acudir ás instalacións deportivas municipais sen obxectos de valor.

2. Nas instalacións que se conte con taquillas automáticas, serán responsabilidade de quen usa a mesma, que ha de custodiar a chave.

3. Nos caso de perda da chave da taquilla ou do obxecto identificador do gardarroupa, esperarase ao final do día, para proceder a abrir a taquilla e devolver o contido, salvo que exista certeza de que a persoa que reclama é a auténtica dona das pertenzas.

4. Queda prohibida a ocupación das taquillas dun día para outro, en tal caso ao peche da instalación o persoal procederá á retirada dos obxectos que nela se encontren tratados como obxectos perdidos.

5. Os obxectos recollidos nas instalacións deportivas municipais estarán depositados nas oficinas da instalación respectiva durante un período de quince días, transcorrido o cal, pasarán a oficina municipal de obxectos perdidos.

*CAPITULO IV:
NORMATIVA DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS*

Artigo 15. NORMAS DE USO DOS VESTIARIOS DAS I.D.M.

1. Deportistas e técnicos, seguirán en todo momento as indicacións dos empregados municipais, usando os vestiarios que lle sexan asinados.

2. En competicións e partidos, o delegado, monitor o técnico do equipo local será o responsable da recollida e entrega das chaves do seu equipo e do contrario.

3. A perda ou extravío da chave levará o conseguinte pago do cambio do peche, que costeará o responsable da mesma.

4. Durante o uso dos vestiarios por grupos ou equipos de persoas menores de idade, será obrigatoria a presenza na instalación dun adulto responsable hasta que a abandonen.

5. Os vestiarios das IDM son para uso exclusivo dos deportistas dos clubs e/o colectivos que teñan concesión de uso da instalación, corpo técnico e/o profesores, árbitros e, puntualmente algún membro da directiva, polo que os pais, nais, titores ou acompañantes non terán acceso a os mesmos.

6. Excepcionalmente, en aqueles deportes que esten traballando con nenos ou nenas menores de 7 anos, permitirase que un adulto acompañe a un neno/a a os vestiarios sempre que a entidade da que dependa o autorice.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación: I336XSXI6ZNM4W3Q



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

Artigo 16. NORMAS DE USO DOS PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS CUBERTOS

1. Normas especiais do uso da pista interior:

1. Deberase utilizar calzado específico para a práctica deportiva, sola branda adecuado para a instalación.

2. Non se poderá realizar xestos antihixiénicos sobre a pista como cuspir, derramar líquidos de calquera natureza ou xerar algún tipo de desperdicios.

3. Permitirase introducir na pista soamente botellas de auga e bebidas isotónicas para o consumo dos deportistas (non se permite recipientes de vidro, porcelana ou similares)

4. Será imprescindible o uso da vestimenta deportiva.

5. Os participantes usarán soamente o espazo deportivo asignado.

6. O técnico, delegado ou profesor será o responsable de que os xogadores e alumnos cumpran os requisitos anteriormente sinalados.

7. Durante os adestramentos só se permitirá permanecer na pista (ademais do equipo) aos técnicos e persoal específico para o desenvolvemento da sesión.

8. Non se permitirá a entrada a menores de idade que non estean acompañados por un monitor, técnico, profesor ou persoa responsable.

9. Non se permitirá arrastrar obxectos que poidan danar a superficie de madeira ou chan sintético e todo material da pista ten que ter un protector para non deixar marcas.

10. As pistas non se poden marcar con pintura, area, teza, talco, ou similares. As marcaxes faranse sempre con elementos que se podan quitar con facilidade e non deixen marcas.

4. Normas de uso do material:

1. Cando algún usuario necesite material deportivo, solicitarao ao persoal responsable da Fundación de Deportes antes do inicio da actividade.

2. Finalizada a actividade, os usuarios deberán recoller e ordenar todo o material utilizado; en caso de equipos ou grupos, o responsable será o encargado de que isto se leve a cabo.

3. En caso de deterioro do material utilizado, comunicarase ao persoal da Fundación, tomando este nota da persoa que fai entrega do material deteriorado e nas circunstancias nas que foron producidas tal deterioro. O persoal da Fundación determinará se o deterioro foi debido ao uso normal e habitual do material ou ben ao uso incorrecto do mesmo; neste caso, a entidade responsable ou a persoa física deberá abonar o importe segundo os prezos do mercado.



Artigo 17. NORMAS DE USO CAMPOS DE FÚTBOL

1. Normas de uso do campo de herba artificial

1.1 Obrigatorio o uso de calzado deportivo adecuado e limpo (bota multitaco e taco de goma e TURF).

1.2 Expresamente prohibido o uso de tacos de aluminio ou similar.

1.3 Está prohibido arrastrar porterías ou obxectos que poidan desprazar o caucho ou danar a fibra.

1.4 Non se pode usar aparellos que produza chama nin bengalas ou calquera tipo de produto inflamable.

1.5 Non se permitirá utilizar produtos para o marcaxe de liñas de xogo utilizados nos campos de céspede natural como cal, pinturas en spray ou calquera produto químico agresivo coma o polietileno.

2. Normas de uso de campos de herba natural

2.1 Obrigatorio o uso de calzado deportivo adecuado.

2.2 Prohíbese arrastrar porterías ou obxectos que poidan deteriorar o terreo de xogo.

2.3 Para o mellor mantemento e conservación do céspede, non se poderá utilizar para adestramentos en caso de moita choiva, co terreo encharcado o xeadado. Será a Fundación de Deportes quen determine tal circunstancia.

2.4 Para eventos deportivos extraordinarios autorizarase o montaxe de balados, podio, carpas, bancadas e outros elementos previa autorización da Fundación de Deportes sempre que estes non produzan graves danos para o terreo de xogo.

3. Normas de uso de campos de area

Os campos de fútbol de area rexirase polas normas xerais do uso de instalacións deportivas municipais.

Artigo 18. NORMAS DE USO DAS PISTAS DE ATLETISMO

1. Será necesario dispoñer de calzado e vestiario adecuado.

2. A lonxitude dos cravos das zapatillas será como máximo de 6mm (excepción dos saltadores que poderá ser de ata 9 mm)

3. Uso recomendable das rúas:

- As rúas 1 e 2 utilizaranse en competición ou previa autorización da Fundación de Deportes.
- As rúas 3 e 4 series con valados



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

- As rúas 4 e 5 series de fondo e obstáculos
- As rúas 5 series de velocidade
- As rúas 6 ritmos sen zapatillas de cravos ou marcha.

4. As saídas e series curtas ata 100 m deberán facerse sempre nunha liña por detrás da liña oficial de saída, dende a saída dos 110 m valadas ou na recta oposta á meta.

5. As valadas, tacos de saídas e outro material usado serán retirados da pista despois de ser utilizados.

6. Os lanzadores de disco, xabarina e martelo, poderán usar o céspede, delimitando o espazo a utilizar para os seus adestramentos, evitando o perigo aos demais atletas e sempre respectando o horario asinado.

7. Os lanzadores de peso, utilizarán o círculo (dirixido á área) de adestramento, e só se usarán os círculos dirixidos á herba en competicións.

8. Os lanzamentos realizaranse sempre baixo a supervisión do adestrador ou persoa responsable, nas zonas delimitadas e destinadas para este fin.

9. Para o mellor mantemento e conservación do céspede, non poderá utilizarse en caso de moita choiva cando o terreo esté encharcado ou con xeadas.

10. Para o uso do campo central, o acceso e permanencia fóra do mesmo realizarase por zonas protexidas, evitando pisar a pista de atletismo.

11. Poderase utilizar o material necesario para o desenvolvemento da actividade, previa autorización do persoal responsable da instalación.

12. Non se permitirá o adestramento de atletas menores de idade sen estar acompañados polos seus adestradores ou monitores.

Artigo 19. NORMAS DE USO DE PISTAS DE TENIS

1. É obrigatorio o uso do calzado deportivo e indumentaria adecuada para a práctica deportiva do tenis.

2. Non están permitidas aquelas accións e actividades que perturben ou molesten a tranquilidade e comodidade do resto dos usuarios (uso de aparellos musicais, gritar, ...)

3. O acceso ás pistas e vestiarios queda restrinxido exclusivamente aos xogadores, adestradores ou monitores.

4. O terreo de xogo deberá estar libre de obxectos e non se poderá arrastrar obxectos que poidan danar a superficie de xogo.

5. Non está permitida a presenza simultánea de máis de 4 persoas xogando en cada pista, exceptuando actividades autorizadas.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

Artigo 20. NORMAS DE USO DAS PISTAS EXTERIORES AO AIRE LIBRE

As devanditas instalación deportivas serán de uso libre e gratuíto e rexeráse polas normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais, sendo prioritario o desenvolvemento de actividades para a que foi concibido.

Artigo 21. NORMAS DE USO DO XIMNASIO DE MUSCULACIÓN

Estableceráse unhas recomendacións e limitacións cara o uso desta instalación:

1. Non poderán acceder a sala os menores de 18 que non vaian acompañado por un adulto responsable do mesmo, exceptuando aqueles menores que vaian acompañados por un monitor acreditado previamente na Fundación de Deportes.

2. Queda prohibido sacar material da sala así como trasladar aparatos ou material a outras dependencias sen previa autorización.

3. Todos os usuarios deberán levar toalla (recoméndase utilizar guantes nas máquinas por motivos hixiénicos).

4. É obrigatorio recoller e ordenar o material no lugar correspondente despois do seu uso.

5. Por razóns de hixiene non está permitido estar sen camiseta no ximnasio.

6. Non está permitido ocupar as máquinas para o descanso entre series.

7. Non está permitida a entrada a persoas con bañador e/ou chanclas.

8. Por motivos de saturación na instalación poderá restrinxirse a permanencia nesta sala a un máximo de 1 hora.

Artigo 22.-NORMAS DE USO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL

1. Estará regulado polo Regulamento de uso presentado pola empresa concesionaria da piscina municipal e aprobado polo Consello Reitor da Fundación de Deportes.

2. No caso de xestión directa da propia Fundación de Deportes da piscina Municipal, será o propio Consello Reitor quen aprobará o regulamento de uso de dicha instalación a proposta do presidente/a da Fundación de Deportes.

Artigo 23. NORMAS DE USO DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DA FUNDACIÓN DE DEPORTES

1. A utilización de salas, almacéns e aulas da área de deportes terán uso preferente para actividades relacionadas co mundo do deporte en xeral.

2. Para a posible utilización das dependencias da Fundación de Deportes, realizarase unha solicitude escrita da mesma, na que indique día, hora, responsable e obxecto da mesma.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

3. As dependencias municipais no ámbito deportivo serán de uso preferente para os clubs/ entidades deportivas rexistradas na Fundación de Deportes e Centros Educativos do Municipio e, as solicitudes axustarase ao estipulado nas bases do propio Regulamento de Réxime Interno de uso de instalacións deportivas municipais.

Artigo 24. NORMAS DE USO DO CENTRO SOCIOCULTURAL E DEPORTIVO DE VILAXOAN

A devandita instalación rexerese polas normas xerais de uso das instalacións deportivas municipais e será prioritario o desenvolvemento de actividades náuticas para a que foi concibida.

Artigo 25. NORMAS DE USO DAS BANCADAS:

A bancada é unha zona reservada ao público.

Non está permitido:

1. Fumar e o consumo de bebidas alcohólicas atendendo á lexislación vixente.
2. Comer froitos secos con cascara (pipas, cacahuets,..) e outros alimentos que orixinen desperdicios.
3. Realizar actividades que poidan molestar a outros usuarios.
4. Tirar obxectos dende a bancada á pista ou contra os deportistas.
5. Introducir recipientes de vidro, metal, porcelana ou similares.
6. Introducir obxectos contundentes ou perigosos que poidan ser perigosos para a integridade física dos espectadores e deportistas.

CAPITULO V:

SOLICITUDE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 26. NORMAS XERAIS DE RESERVA E USO DE INSTALACIÓNS

1. A persoa responsable das IDM poderá outorgar licenzas para a utilización do mesmo, cando se trate de solicitudes para usos esporádicos, non comprendidas no artigo 25. Neste caso o/a responsable das instalacións efectuará a liquidación e cobro correspondente que deberá ser ingresado na conta da Fundación de Deportes restrinxida aberta a tal efecto.

2. A apertura de prazo en cada tempada será publicada coa antelación suficiente polos medios que estime oportunos a Fundación de Deportes para o xeral coñecemento.

3. Os cambios de horarios das IDM solicitaranse ao menos dous días hábiles antes da data solicitada, e aceptaranse sempre que o novo horario e instalación este dispoñible.

4. No suposto anterior, así como por reparacións imprevistas nas unidades deportivas, a Fundación intentará, na medida do posible, ofrecer outra IDM de características similares. Se non fose posible, e o período de peche fose superior a 15 días, o usuario terá dereito a solicitar a devolución do prezo público correspondente.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

5. Corresponderá á entidade usuaria solicitar e obter das autoridades competentes, as autorizacións preceptivas esixibles, así como estar en posesión dos preceptivos Seguros de Accidentes e de Responsabilidade civil, para ditas actividades recreativas, en aplicación do disposto na Lei 13/1999 de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas.

6. O acceso de espectadores e acompañantes estará determinado polas características da actividade e da instalación.

Artigo 27. SOLICITUDE DE IDM PARA CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS E CENTROS EDUCATIVOS

1. Os clubes/ entidades deportivas interesadas en ter reservada durante a tempada deportiva o uso dunha IDM para os seus adestramentos poderá solicitala atendendo á normativa do presente Capítulo, presentando debidamente formalizada a solicitude en modelo oficial (Ver Anexo).

As solicitudes deberán conter un anexo razoando a necesidade de ocupación horaria en función do número de equipos, nivel dos mesmos, etc. O prazo máximo de solicitude será ata o 30 DE XUÑO a excepción dos centros educativos, que será ata o 15 de outubro.

2. As instancias nas que se farán constar os días e horas en que se desexe efectuar a utilización e demais circunstancias que desexen presentarse no Rexistro da Fundación de Deportes.

Corresponderá ó/á Presidente/a da Fundación de Deportes, informar sobre a procedencia da concesión da licenza solicitada e formular a proposta de resolución ó Consello Reitor da Fundación de Deportes.

A este informe acompañarase a liquidación correspondente ao outorgamento da licenza, procedéndose pola Intervención Municipal á fiscalización que corresponda.

3. Cada equipo poderá facer uso das instalacións que se lle concedan a partires do 1 de setembro do ano en curso ata o 31 de maio do seguinte.

Provisionalmente nos meses de xuño, xullo e agosto daranse as autorizacións que procedan por razóns puramente técnicas.

No suposto de finalizar os adestramentos con anterioridade ao 31 de maio deberán comunicalo con 15 días de antelación, do contrario entenderase, a todos os efectos, que o club ou entidade solicitante fará uso da instalación ata esa data.

4. Os clubes/entidades deportivas que teñan concedido o uso de IDM da Fundación de Deportes, non poderán facer uso das mesmas se non están ao corrente dos pagos fixados. Así como estar en posesión dos preceptivos Seguros de Accidentes/licenzas federativas e de Responsabilidade civil, para ditas actividades.

5. Poderán acollerse a este sistema de aluguer, aqueles equipos que participen en competicións oficiais.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

6. Para a concesión de este tipo de uso, entenderanse como prioridades o seguinte:

6.1 Que a entidade, Club ou equipo teña a súa residencia en Vilagarcía de Arousa.

6.2 Que os equipos solicitantes disputen os seus encontros na instalación.

6.3 Que lles concederan a petición de uso para adestramentos.

6.4 Que participen en Competicións Oficiais Federadas.

6.5 Ademais de estes requisitos, valorarase:

1º) As actividades da Fundación de Deportes

2º) As actividades que por convenio o Concello considere prioritarios.

3º) En horario docente as solicitudes de centros educativos.

4º) A colaboración da entidade coas actividades da Fundación de Deportes.

5º) Categoría, en caso de coincidencia de igual categoría, preferencia de primeiros equipos sobre segundos, de segundos sobre terceiros, etc..

6º) Estabilidade no uso das IDM concedidas en tempadas anteriores.

7º) Non dispor de instalación deportiva ou disfrute de outras alleas a Fundación de Deportes.

8º) A efectos de reparto atenderase un máximo de 15 equipos por clube para intentar conceder horario en IDM a maioría de clubes.

Unha vez feita a distribución pódense repartir as horas libres cos equipos que non foran atendidos dos distintos clubes.

9º) Aquelas entidades, de recente creación e/ou que realicen un deporte xa existente, no terán prioridade a hora de adjudicación de franxas horarias nas IDM, quedando supeditada a cesión de horarios nas IDM de aquelas franxas de horarios libres.

10º) Por razóns de interés social para a Fundación de Deportes ou o Concello de Vilagarcía de Arousa, poderá primar outros criterios de prioridade co obxectivo de salvagarda dos intereses do fomento do deporte minoritario, deporte feminino, deporte adaptado ou deporte en idade escolar.

11º) As actividades deportivas con menores terán **PREFERENTEMENTE** uso de instalacións ata ás 21:00 horas.

As actividades con adultos terán **PREFERENTEMENTE** uso da instalación para adestramentos a partir das 21:00 horas.

12º) Número de horas de adestramento por categoría:

Alevín, benxamín, prebenxamín: 2 adestramentos semanais de 60-75'cada un.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

Infantis e cadetes: 2 adestramentos semanais de 90' e 3 adestramentos semanais para os equipos que compitan a nivel galego.

Xuvenis: 3 adestramentos semanais de 90' minutos.

Senior: 3 adestramentos semanais para a competición de ámbito provincial, 4 para os de ámbito autonómico e 5 para os de ámbito nacional.

7. Aos clubs/entidades deportivas que logo da aplicación dos devanditos criterios, se lles conceda unha instalación deportiva determinada, deberán confirmar o horario concedido, nunha primeira fase provisional, entre os días 15 ao 31 de agosto.

Posteriormente, unha vez estudadas as posibles reclamacións, pasaranse a unha segunda e definitiva fase, onde se establecerá un horario definitivo para a tempada.

8. A cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole.

Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación que será abonada previamente á súa celebración segundo as tarifas vixentes.

9. Todos os deportistas poderán entrar nas instalacións 15 minutos antes de que comece a súa hora de adestramento e deberán abandonar a mesma 25 minutos despois de finalizado o horario de adestramento.

10. Os clubs ou entidades deportivas que teñan reservada a instalación para os seus adestramentos durante a tempada, deberán avisar cun mínimo de 24 horas de antelación os días que non vaian facer uso da mesma. Do contrario a Fundación de Deportes poderá deixar sen efecto a reserva e este uso cobrarase cun recargo do 20 %, puidendo pasar a mesma a outro clube/entidade deportiva ou/e outro usuario.

11. No caso de que un equipo (segundo categoría) establecido non supere o mínimo de deportistas obrigatorio definida pola súa federación, non poderán facer reserva para adestramentos.

12. Ningún club ou entidade deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso dese horario e instalación.

Artigo 28. SOLICITUDE DE IDM PARA COMPETICIÓN

1. Os clubs/entidades deportivas poderán reservar o uso da IDM para a celebración das súas competicións dentro do horario de fin de semana solicitándolo como mínimo a semana anterior.

A concesión do uso da instalación realizarase o Luns da semana correspondente e o clube/entidade deportiva deberá confirmar a reserva previo pago da taxa correspondente antes do mércores da mesma semana, presentando debidamente formalizada a solicitude oficial (Ver anexo).



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

2. Os clubs/entidades deportivas que desexen utilizar as Instalacións para celebrar partido/s das súas respectivas competicións, unha vez autorizados, deberán entregar na Fundación de Deportes o calendario oficial da competición debidamente expedido e selado pola Federación que corresponda, e na que constarán os datos da mesma. (Domicilio, teléfono e nome da persoa que a expide), co fin de programar as horas e días dos encontros, con respecto aos demais clubs/entidades deportivas.

3. Todos os equipos respectarán escrupulosamente os horarios adxudicados e deberán comezar os seus partidos puntualmente. Se un partido comeza cun retraso superior a 20 minutos poderá ser suspendido pola dirección da Fundación de Deportes.

4. A duración dos partidos oficiais estímase en dúas horas, a fin de non entorpecer nin atrasar a outros equipos que utilicen as mesmas instalacións.

Artigo 29. SOLICITUDES DE IDM DOUTROS USUARIOS

1. Todas aquelas IDM, que polas súas características, a Fundación de Deportes alugue a particulares nas horas que queden libres de adestramentos, clases ou competicións, poderanse utilizar previo abono do prezo público correspondente.

2. Aqueles usuarios que desexen alugar IDM con carácter fixo, deberán solicitalo na Fundación de Deportes, en horario de oficina. O pago realizarase por mensualidades anticipadas, rematado o prazo o último día hábil de cada mes. (excepto sábados e festivos). Así como deberán depositar unha fianza-depósito de 100,00 €. Finalizado este prazo, o horario de uso quedará dispoñible para outro solicitante.

Artigo 30. SOLICITUDES DAS PISTAS DE TENIS

1. A reserva previa do aluguer do uso das Pistas de Tenis, se poderá realizar dende as 09:00 horas do día anterior ata o momento do uso, sempre e tanto exista dispoñibilidade. Podéndose efectuar telemáticamente ou na propia instalación.

2. A anulación da reserva previa deberá comunicarse cunha antelación mínima de dúas horas ao horario. De non o facer así aplicarase as sancións que a continuación se relacionan:

- 1ª Sanción: serán sancionados con 3 meses de exclusión da realización da RESERVA PREVIA, contando a partir do día seguinte á notificación da mesma, a aqueles usuarios que non comuniquen a anulación da reserva conforme a citada norma, en 2 reservas previas consecutivas a seu nome ou 3 alternativas.
- 2ª Sanción: Serán sancionados coa exclusión da realización da RESERVA PREVIA para toda a vixencia do Carné Fundación da tempada en vigor ou ata o 31 de Agosto de cada ano, contados a partir do día seguinte á notificación da mesma, a aqueles usuarios que na mesma tempada o ano natural (1 de setembro a 31 de Agosto de cada ano), foran xa sancionados cunha 1ª sanción. E se reitera a falta, recollido no apartado da 1ª sanción.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

3. Pasados 15 minutos do inicio da reserva e non habéndose presentado o usuario, perderase o dereito de uso. Esa hora poderá reservarse a outro usuario si a demanda. O computo dos 15 minutos realizarase en función do reloxo da persoa responsable da zona deportiva en ese momento e non da hora que marque o reloxo que teña o usuario.

4. Se pasados os 15 minutos o usuario que realizaou a reserva non se presenta nin avisou a instalación para anular a mesma, no caso de posuir Carné da Fundación de Deportes descontarase 2 horas das 6 horas á semana que ten como beneficiario do devandito carné.

*CAPITULO VI:
INFRACCIÓN E SANCIÓN*

Artigo 31.

Son faltas disciplinarias as infraccións das regras do xogo ou competición e as infraccións das normas xerais de conduta deportiva tipificadas neste regulamento e na lei do deporte.

Artigo 32.

1. Os usuarios deberán axustarse aos horarios e características concertadas no momento do aluguer ou reserva das instalacións deportivas municipais.

2. Tanto os xogadores como os usuarios das IDM deberán facer un uso correcto dos materiais, mobles, inmobles e instalacións, respectando as normas de uso das distintas zonas deportivas, sendo imprescindible o uso de prendas deportivas axeitadas ao deporte que se practica en cada unha das instalacións e o calzado deberá ser sempre distinto ao utilizado na vía pública.

3. No caso de rotura ou desperfectos ocasionados polo mal uso, serán responsables aquel ou aqueles que os produzan debendo aboar os gastos de reparación baixo a pena de prohibición do uso das instalacións deportivas municipais.

O réxime disciplinario establecido neste Regulamento enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil, penal ou doutra índole na que poidan incorrer os usuarios ou deportistas, o que se fará efectivo na forma que determine a lei.

Igualmente, este réxime enténdese sen prexuízo da potestade sancionadora que puidera corresponder ás distintas Federacións Deportivas sobre os feitos acaecidos durante a celebración dunha actividade deportiva organizada por algunha Federación.

Se o uso das instalacións fora por un colectivo, serán responsables:

- a) O representante do club ou entidade deportiva cando se trate dun colectivo.
- b) O representante do club ou entidade deportiva organizadora ou solicitante cando se trata dunha competición.
- c) A dirección e o profesor responsable da actividade dos Centros Educativos



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

d) A persoa responsable da acción directa en calquera outro caso.

4. En todo momento recoméndase:

a) Seguir as indicacións do persoal responsable das instalacións deportivas ou profesores.

b) Facer uso de cada instalación para o que está destinada.

c) Non introducir obxectos ou elementos que poidan causar lesións, deteriorar os equipamentos ou perturbar a tranquilidade dos usuarios.

d) Non ter comportamentos que impliquen perigo para a integridade física dos demais usuarios.

Artigo 33. CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNNS

As faltas cometidas polos usuarios ou deportistas poderán ser: leves, graves ou moi graves.

1- Son faltas leves:

a) Toda actuación que supoña discriminación, menosprezo, incorrección, desacato, falta de consideración ou ameazas verbais para os demais usuarios, deportistas, público ou traballadores da Fundación de Deportes.

b) O descoido no uso e conservación do material, equipamento e conservación das instalacións da Fundación de Deportes.

c) As faltas tipificadas no presente regulamento sancionaranse conforme ao disposto no mesmo, salvo que proceda a existencia de responsabilidade ou infractor na vía penal.

2- Son faltas graves:

a) A reincidencia no incumprimento reiterado de faltas leves, considerase reiteración a comisión de 3 leves na tempada en vigor.

b) A obstrución aos demais usuarios ou deportistas dos dereitos que lles recoñecen as normas da Fundación de Deportes.

c) A obstrución mediante calquera acción ou omisión da preparación, desenvolvemento ou execución dos actos deportivos.

d) Causar danos nas instalacións fixas ou móbiles, servizos comúns, ferramentas da Fundación de Deportes ou de concesionarios dos servizos da mesma.

e) Acceder ao interior das instalacións estando cerradas ou permanecer sen permiso nas oficinas da Fundación de Deportes, así como subtraer calquera obxecto ou obxectos da mesma.

f) Falsear intencionadamente os datos relativos á identidade, idade, estado de saúde e suplantación doutra identidade.

Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

g) Orixinar por imprudencia ou negligencia accidentes graves a si mesmo ou a outras persoas.

h) Toda substracción de bens da Fundación de Deportes.

i) Arrogarse de modo directo ou indirecto a representación da Fundación de Deportes ante outros organismos ou institucións sen estar expresamente autorizado para facelo.

3- Son faltas moi graves:

a) As agresións físicas aos usuarios, deportistas, público ou traballadores da Fundación de Deportes que presten servizo.

b) A participación en alteracións do orden ou escándalos no interior das instalacións municipais ou nas súas inmediacións.

c) A reiteración ou reincidencia na comisión de faltas graves, de 3 graves na tempada en vigor.

4- Suxeitos responsables

Os efectos deste Regulamento, terán tamén consideración de traballadores da Fundación de Deportes, aqueles propietarios, empregados, traballadores de empresas individuais ou sociedades mercantís aos que a Fundación de Deportes lles concedera ou contratara servizos.

5- Sancións

Por razón das faltas descritas no presente regulamento, poderán impoñerse as seguintes sancións:

Leves:

a) Apercibimento individual.

b) Suspensión da condición de usuario entre 5 días e un mes.

Graves:

c) Suspensión da condición de usuario entre un mes e un día a seis meses.

d) Suspensión da condición de usuario entre seis meses e un día a un ano.

Moi graves:

e) Suspensión da condición de usuario entre un ano e un día a tres anos.

f) Pérdida definitiva da condición de usuario e retirada do carné (no caso de te-lo).

ARTIGO 34.-PRINCIPIO DE PROPORCIONALIDADE

Para graduar as sancións, teranse en conta as circunstancias concorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

En función das circunstancias previstas as sancións poderán aplicarse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. No seu caso, de concorrer circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista.

Artigo 35.—CIRCUNSTANCIAS MODIFICATIVAS DA RESPONSABILIDADE.

1. Serán consideradas como circunstancias atenuantes o arrepentimento espontáneo e a existencia de provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción.
2. Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo, o prexuízo económico ocasionado e o número de persoas afectadas pola infracción respectiva.
3. Entenderase producida a reincidencia cando o infractor cometese, polo menos, unha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme, no termo dun ano.
4. Os órganos disciplinarios sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren axeitado, ponderando, en todo caso, a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

Artigo 36.—CAUSAS DE EXTINCIÓN DA RESPONSABILIDADE

A responsabilidade disciplinaria extínguese:

- Polo cumprimento da sanción.
- Polo falecemento da persoa inculpada.
- Por disolución da entidade ou da federación deportiva sancionadas.
- Por prescrición das infraccións ou sancións.

Artigo 37. PRESCRICIÓN DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. As faltas disciplinarias reguladas no presente Regulamento, de carácter leve, prescribirán ao mes. As de carácter grave prescribirán aos seis meses. As de carácter moi grave prescribirán ao ano. O prazo de prescrición comezará a contarse dende que o órgano competente para incoar o expediente tivese coñecemento da comisión da falta.
2. A condonación de sanción calquera que sexa esta, deberá ser instada polo interesado/a, informada polo instructor e acordada polo presidente/a da Fundación de Deportes que dará conta ao Consello Reitor.
3. O termo de prescrición comeza a contar o día en que se cometeron os feitos e interrómpeuse no momento en que se acorda iniciar o procedemento sancionador. O seu cómputo restablecerase se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto responsable.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

4. O prazo de prescrición comezará a contar dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou desde o momento no que se quebrantase o seu cumprimento se este xa comenzase.

Artigo 38.—PROCEDIMENTOS DISCIPLINARIOS SANCIONADORES

1. Non se poderá impoñer ningún tipo de sanción en virtude do expediente sumario instruído ao efecto sen audiencia do interesado.

2. Unha vez concluído o prazo de audiencia e a vista das alegacións presentadas polo denunciado/a, o instrutor informará por escrito a autoridade competente para sancionar da Fundación Deportiva quen á súa, vez o poñerá en coñecemento do presidente/a do Consello Reitor para proceder a incoación dos expedientes disciplinarios e dilixencias previas.

Unha vez que resolva o presidente/a, notificarase o afectado/a, dentro do prazo que lle confire a lexislación administrativa.

O presidente/a, terá a competencia de sancionar as faltas cometidas polos usuarios que teñan a consideración de leves e graves.

O Consello Reitor, terá a competencias de sancionar as faltas cometidas polos usuarios que teñan a consideración de moi graves.

3. No suposto que se acordase a perda definitiva da condición de usuario, non poderá autorizarse o reingreso da mesma ata transcorridos cinco (5) anos dende a notificación da sanción ao interesado ou interesada.

4. Pola comisión de faltas leves só se poderán impoñer as sancións previstas nos apartados a) e b) do punto 5 do Artigo 33.

5. Pola comisión de faltas graves, só se poderán impoñer as sancións previstas nos apartados c) e d) do punto 5 do Artigo 33.

6. Pola comisión de faltas moi graves, so se poderán impoñer as sancións previstas nos apartados e) e f) do punto 5 do Artigo 33.

Artigo 39.—CLASES DE PROCEDIMENTOS

1. Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o ordinario.

2. O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición e, na súa regulación, deberá asegurar o normal desenvolvemento da competición. En todo caso deberá asegurarse o trámite de audiencia ás persoas interesadas e o dereito ao recurso.

3. O procedemento ordinario será de aplicación para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conduta deportiva.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

Artigo 40. REGRAS COMÚNS AOS PROCEDEMENTOS

1. No non previsto neste regulamento, serán de aplicación supletoria o previsto na lei do deporte e nas normas contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015 de Reximé Xurídico do Sector Público e o Real decreto 1398/1993, do 4 agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de non existencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.

3. As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, agás que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.

4. As actas subscribas polos xuíces ou árbitros do encontro, proba ou competición, constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas.

As manifestacións do árbitro ou xuíz plasmadas nas citadas actas presúmense certas, salvo proba en contrario.

Artigo 41. PROCEDIMENTO ABREVIADO

As regras ás que debe axustarse o procedemento abreviado son as seguintes:

1. Iniciación:

a) O procedemento abreviado iníciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflecta os feitos que poden dar lugar a sanción, subscriba polo xuíz ou árbitro, polos competidores ou polos delegados dos clubs.

No suposto de que os feitos susceptibles de ser sancionados non estean reflectidos na acta, se non mediante anexo, o procedemento iníciase no momento en que teña entrada na correspondente federación o anexo da acta do partido ou documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuizamento.

b) Tamén se pode iniciar por instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da federación dentro do segundo día hábil seguinte ao día en que se celebrou a proba ou competición.

2. Tramitación e resolución:

a) No prazo de dous días que se contarán dende a notificación prevista na línea anterior as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos consignados na acta, no anexo ou a denuncia. Poderán propoñer ou achegar tamén, se é o caso, as probas pertinentes.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao da súa admisión.

b) O órgano competente, no prazo máximo de dous días, que se contarán a partir da presentación de alegacións ou da práctica de proba ou da súa denegación, ao órgano competente para resolver a proposta de resolución, para que, dentro do día seguinte, se dite resolución na cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan a sanción que se impoña. Así mesmo, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se realizase con anterioridade.

A resolución deberáselles notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.

Artigo 42. PROCEDIMENTO ORDINARIO

As regras ás que debe someterse o procedemento ordinario son as seguintes:

1. Iniciación:

a) O procedemento iníciase por acordo do órgano competente, de oficio ou a instancia de persoa interesada.

b) O acordo que inicie o procedemento conerá a identidade do instrutor, se é o caso do secretario, da autoridade competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conerá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberáselle notificar ao interesado/a.

Serán de aplicación ao instrutor e ao secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecido nos artigos 23 e 24, da Lei 40/2015 de Reximé Xurídico do Sector Público.

2. Tramitación:

a) Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou a instancia do instrutor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.

b) O acordo de iniciación notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que á defensa dos seus dereitos e intereses.

c) Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoa interesada cantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instrutor redactará a proposta de resolución ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable -e neste caso conterá necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede impoñer ou ben proponendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións.

A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.

3. Resolución:

a) Recibidas polo instrutor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, remitiralle o expediente ao órgano competente para resolver.

b) A resolución do órgano competente pon fin ao procedemento común, e ditarase no prazo máximo de dez días hábiles.

Artigo 43. LEXITIMACIÓN PARA RECORRER AS SANCIÓNNS

Están lexitimados para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición.

DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 44.

A Fundación de Deportes poderá variar ou deixar sen efecto algunha autorización antes do vencemento establecido por algún dos seguintes motivos:

a) Por necesidades da programación.

b) Por causas de interese público.

c) Por incumprimento das obrigacións establecidas na autorización.

d) Como consecuencia de comportamentos pouco cívicos ou deportivos dalgún compoñente da entidade ou club autorizado.

e) Non pagar por uso das instalacións.

f) Por incumprimento reiterado do artigo 12 deste Regulamento.

g) Baixa asistencia (nº inferior de deportistas obrigatorio que compoñen un equipo, definida pola súa federación) de xogadores ós adestramentos de forma reiterada.



Mércores, 22 de novembro de 2017

Núm. 224

MODIFICACIÓN

A modificación do presente Regulamento soamente poderá ser acordada segundo os mesmos trámites esixidos para a súa aprobación, así coma as normas e disposicións que sexan de pertinente e xeral aplicación.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Coa aprobación do presente regulamento quedan derogadas aquelas disposicións de igual ou inferior rango en todo aquilo que se opoña ou contraveña o disposto no mesmo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En calquera caso deben ser respectadas as normas específicas ou particulares existentes sobre o uso e operación de instalacións deportivas, así como sobre celebración de eventos deportivos extraordinarios, en canto non se opoñan ao disposto no presente regulamento, así como aquelas que poidan ditarse no futuro.

Asemade facúltase ao Presidente/a da Fundación de Deportes a ditar as instrucións de aplicación do presente regulamento que sexan precisas, incluso como consecuencia da incorporación de calquera instalación á relación de instalacións, ou que deixen de estar en réxime de concesión. Que serán en todo caso ratificadas polo Consello Reitor.

ENTRADA EN VIGOR

O presente regulamento entrará en vigor despois da conclusión dos procedementos legais para a súa aprobación e publicación, e unha copia estará exposta en todas as instalacións deportivas para xeral coñecemento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación: I336XSXI6ZNM4W3Q

